

JSON coa predición a curto prazo para Galicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON coa predición a curto prazo para Galicia a través da ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/predicion/jsonCPrazo.action?dia=-1>

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

A estrutura principal deste arquivo consta dun conxunto de pares (clave, valor) con claves “listaPrediccions” e “urlBase”.

urlBase: É un único par (clave, valor) e contén a url que será preciso concatenar co valor da clave “urlMapa” para obter a imaxe de cada un dos mapas de predición, para un día e franxa concreta.

listaPrediccions: É un array que pode conter 1, 3 ou 4 elementos, en función dos parámetros de consulta e as predicións que haxa dispoñibles no momento da petición. Cada un dos elementos deste array é, á súa vez, unha nova estrutura de pares que contén a información da predición para un día concreto (facendo referencia o elemento 0 ao día de hoxe) e que se detallan a continuación:

comentario: Texto que contén o comentario da predición xeral.

comentarioEsp: Texto opcional que contén un comentario especial que o departamento de Predición Operativa decide incluír para darlle énfase a unha situación concreta (por exemplo, nun día con adverso meteorolóxico).

dataActualización: Data e hora local da última actualización da predición para ese día.

dataPrediccion: Data da predición.

dia: Valor numérico que representa o día ao que fai referencia a predición. Pode tomar os valores 0,1,2 ou 3 (hoxe, mañá...)

listaMapas: Array de elementos que conteñen os atributos dos mapas de predición. Para cada día de predición, este array constará de 3 elementos, un por cada franxa horaria á que fai referencia: mañá (7-14h), tarde (14-20h) e noite (20-7h do día seguinte). Cada un dos elementos deste array é, á súa vez, unha nova estrutura de pares que se detallan a continuación:

dia: Valor numérico que representa o día ao que fai referencia o mapa. Pode tomar os valores 0,1,2 ou 3 (hoxe, mañá...)

franja: Valor numérico que representa a franxa horaria á que fai referencia o mapa. Pode tomar os valores 1,2 ou 3 (mañá, tarde ou noite).

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>

urlMapa: Url relativa que, concatenada co contido do elemento urlBase, devolvería o mapa concreto para o día e franxa indicados nos elementos anteriores.

tendMax, tendMin: Valores numéricos que representan a tendencia das temperaturas máximas e mínimas, respectivamente. Os posibles valores son os seguintes:

VALOR	SIGNIFICADO
403	En descenso
404	Mantéñense
405	En ascenso

titulo: Texto co formato: “Predición para o *día_da_semana_en_letra* *día_da_semana_en_numero* de *mes_en_letra* de ano”.

Por exemplo: “Predición para o xoves 21 de febreiro de 2019”

3 Parámetros de consulta

Este servizo precisa dun parámetro obrigatorio **dia** e admite un parámetro opcional **request_locale**.

O parámetro **dia** admite o valor **-1** (se se quere obter a predición para todos os días dispoñibles) ou valores concretos para o día de hoxe (valor **0**), mañá (valor **1**), pasado mañá (valor **2**) ou o terceiro día (valor **3**).

O parámetro **request_locale** admite os valores **gl** ou **es**, en función do idioma no que queremos obter os elementos de tipo texto do servizo.

Exemplos:

- A consulta para obter todos os días de predición dispoñibles en castelán sería:
http://servizos.meteogalicia.gal/rss/predicion/jsonCPrazo.action?dia=-1&request_locale=es
- A consulta para obter en galego a predición para o día de hoxe sería:
http://servizos.meteogalicia.gal/rss/predicion/jsonCPrazo.action?dia=0&request_locale=gl